


# O xacemento arqueolóxico de Paleo (Carral): dun machado da cultura megalítica a unha necrópole tardorromana e/ou altomedieval

ALFREDO ERÍAS MARTÍNEZ\*



*Situación de Paleo  
segundo o Mapa  
Topográfico  
Nacional de  
España  
1:25.000.*

## O DESCUBRIMENTO DUN "PALEO" ARQUEOLÓXICO

O 19 de agosto de 1990 o Profesor Don Luis Monteagudo e máis eu preguntábamnos en Ponte Lago pola torre de Peito Bordel cando tivémo-la sorte de atopar un enamorado da arqueoloxía, que sabía isto e moito máis: Don Victoriano Vázquez, de Carral. El foi quen nos in-

formou da existencia en Santo Estevo de Paleo (Carral, A Coruña) de numerosos restos de tellas e ladrillos antigos, ben visibles ó longo do corte que a *paleadora* fixera desde a igrexa vella (hoxe utilizada só para os oficios do cemiterio) ata uns 300 m. ou máis ó NE, ancheando a estrada que baixa ata o actual núcleo de poboación.

Dixo el, coma outras persoas poste-

\* Alfredo Erias é funcionario do Concello de Betanzos e como tal director do Arquivo, Biblioteca, Museo das Mariñas e Anuario Brigantino.



*Vista de S. a N. desde a igrexa. Á esquerda, os cortes das terrazas altas deixan ver in situ un estrato con abundante pedra solta, algún sillar, tégulas e ímbrices, procedentes de construcións antigas. Ó fondo o cruceiro e os eucaliptos aséntanse na terraza que contén a necrópole.*

riormente, que alí estivera o pobo antigo de Carral (1) e que máis tarde, ó construírse a actual estrada A Coruña-Santiago máis ó E do camiño antigo, ese pobo trasladaríase tamén cara a esa zona, quedando a antiga ubicación sen casas e só coa igrexa e o cruceiro semiabandonados.

Pero algúns vellos din máis: sosteñen que o antigo Paleo desapareceu porque se afundiú na terra. Aplican isto mesmo tamén á primitiva igrexa, que sitúan (polo menos o noso amigo, D. Victoria-no) a poucos metros ó sur da actual.

Dito o feito esencial do afundimento, envolto en lenda, os mesmos comunicantes botan, acto seguido, man da lóxica para explicalo: bolsas de auga que se tragarón os edificios (particularmente no caso da igrexa), mesmo terremotos, etc.

Camiñamos polas leiras centos de metros e poidemos comprobar que había gran cantidade de cachos de tégulas e ímbrices con todo o aspecto de seren de época romana (desde logo si de tradición romana) ou altomedieval.

Por se isto fora pouco, non é difícil ver no corte da estrada sillares de cantería,

(1) "PALEO (San Estéban de): felig, en la prov. y part. jud. de la Coruña (3 leg.), dióc. de Santiago (6 1/2), y ayunt. de Carral : SIT. en el camino real de Santiago é izq. del r. que recorre el valle de Barcia : CLIMA sano: tiene 460 CASAS distribuidas en las ald. ó l. de Ameigeiras, Ans, Cabrois, Carral (cap. del ayunt.), Casal, Coiro, Focano y Reboredo. La igl. parr. (San Estéban) es matriz de San Pedro de Quembre; el curato de segundo ascenso del patronato lo ejerce el conde de Altamira. El TÉRM. confina por N. con San Martin de Tabeayo; al E. Sta. Eulalia de Cañas; por S. Quembre, y por O. el monte Jalo [Xalo] que se eleva 615 varas sobre el nivel del mar. El TERRENO en la parte cultivable es de buena calidad : los CAMINOS locales que bajan á unirse á la carretera estan mal cuidados. El CORREO se recibe de la cap. del part. PROD.: granos, patatas, pastos y lino; cria de ganado, hay caza y alguna pesca. IND.: la agrícola y pecuaria. POBL.: 169 vec., 784 almas. CONTRIBUCION con su ayunt. (V.)" MADDOZ, P. *Diccionario Geográfico-Estadístico-Histórico de España y sus posesiones de Ultramar*. Madrid, "Est. Literario-Tipográfico de P. Madoz y L. Sagasti", 1845 e ss.




*Parte do "catillus" dun muiño circular castrexo-romano, tal como apareceu na entrada recente a un monte (castro), a pouca distancia ó S. da igrexa actual, á veira da estrada.*

que parecen anunciar a existencia de edificios antigos dos que samente unha prospección sistemática e ulterior excavación, nos poderá falar do seu exacto significado.


Fumos ata a igrexa e comprobamos con asombro como no propio cemiterio (onde por certo están enterrados os "Mártires de Carral" da "Revolución Galega" de 1846) algúns enterramentos tiñan por riba cachos de ladrillos e tégu-las romanas nunha curiosa función moderna con raíces milenarias: resultou ser un dato premonitorio do que atoparíamos máis tarde.

Intuía que nos montes do Oeste debía de haber algún castro, pero non o vin claro ata uns días antes de dar por rematado este traballo. O 22-V-1991 ía a modo no coche pola estrada que leva da igrexa cara ó Sur, tentando ver no corte restos de tellas e cerámica, cando nunha entrada recente a un monte vin unha pedra que me resultou familiar. Era parte dun muiño circular de man (un *catillus*), típi-



*Acceso recente ó castro co anaco de muiño circular, que, sen dúbida, apareceu ó abrirse esta entrada e destruírse conseguintemente algunha das casas do castro.*





- 1.- Castro.
- 2.- Muíño castrexo.
- 3.- Seguindo cara ó Oeste hai estruturas que poideran corresponder a outro castro (?).
- 4.- Por aquí din os vellos que estaba a igrexa antiga e que se afundi na terra, quizais porque é unha zona de auga. Restos de tellas nesa zona perto da igrexa actual.
- 5.- Regacho.
- 6.- Igrexa de S. Estevo de Paleo.
- 7.- Fonte de Paleo.
- 8.- Terraza alta con nivel estratigráfico de tégulas, imbrices (a uns 2/3 m. da superficie), e restos de paredes que se desfixeron ó anchar a estrada que sube cara ó Monte Xalo.
- 9.- Muralla que corresponde probablemente a un castro. A partir daqui cara ó Oeste sube a montaña ata unha zona llana que sería a croa.
- 10.- No corte desta terraza vense grandes pedras a maneira de sillares.
- 11.- Tégulas, imbrices e cerámica na superficie da maior parte desta terraza. Obxecto de pedra pulimentada sen identificar.
- 12.- Cruceiro de 1757, adicado ás Ánimas do Purgatorio.
- 13.- Terraza trianguloide. Espacio sagrado, asentamento da necrópole antiga (polo menos tardorromana e/ou altomedieval).
- 14.- Sepulcro tardorromano ou altomedieval. Restos de ladrillos no corte da estrada, procedentes doutros sepulcros. Sillar de cantería, quizais procedente do antigo lugar de culto (¿templo romano, basilica visigótica, ...?). Cerámica.
- 15.- Aínda que ó longo do corte da estrada, ata a igrexa, hai un nivel estratigráfico con cerámica, aquí apareceron algúns dos anacos máis interesantes.
- 16.- Machado da cultura megalítica. Vidro violáceo, cerámica, boliña a maneira de canica, moi pesada (quizais de chumbo por dentro).
- 17.- Gran terraza na que aparecen anacos de tégulas e imbrices, así como cerámica.

- 18.- Por esta zona do val aínda se atopan tégulas ...
- 19.- Ficha de xogo, feita dun cacho de imbrice.
- 20.- Mina dos mouros que, segundo a lenda, fa por debaixo da terra ata o pobo antigo de Paleo. Pódese entrar varios metros e ten auga (¿será en realidade unha mina de auga, será o resto dunha explotación mineira antiga ou efectivamente será unha galería do antigo Paleo con fins defensivos?).
- 21.- Estrada actual, ata hai poucos anos un carreiro.
- 22.- Camiño antigo de Ans.
- 23.- Camiño antigo de Paleo.
- 24.- Camiño antigo (hoxe estrada) de Sumio.

co da cultura castrexa de cronoloxía avanzada (mundo castrexo-romano).

Aínda o 26-V-1991 no monte que sube por detrás da igrexa atopamos (os meus fillos e máis eu) un muro que semella pertencer a unha estrutura defensiva castrexa. O problema do tupido toxo que cubre estes montes dificulta moito a visión e o avance por eles. Nembargantes, neste caso, subimos pola falda da montaña ata unha zona absolutamente chan que ben poidera ser a croa do castro. Nestes montes do Oeste queda moito por explorar, pero parece claro que houbo un movemento de poboación desde eles cara o val, polo menos desde a época da cultura castrexa.

De momento está claro que naquelas terras que están inmediatas á vella igrexa estivo asentada unha poboación antiga. Son terras ricas, con auga, que dominan o val cara a onde caen en suave pendente, formando grandes terrazas que recordan dalgunha maneira ós antecastros. Esas terrazas están feitas polo home e a súa finalidade debeu ser dobre: por unha parte fan que a terra non se escape cara abaixo, e por outra supoñen un sistema defensivo en casos concretos que haberá que estudar. Mentres que polo Oeste a protección estaba nos castros do monte e no monte mesmo, que nalgún caso (por detrás da igrexa) sube en forte pendente, cara ó Este estaba o perigo potencial. Porque por alí, pola parte baixa do val, pasaban os grandes camiños, sobre todo o que levaba de Norte a Sur, cara ó val de Barcia ou de Sumio (nome éste máis antigo, segundo Don Luis Monteagudo), aproximadamente paralelo á actual estrada da Coruña a Santiago, que probablemente foi unha das vías romanas (2).

O que está claro é o feito de que esas

terrazas, que se ven na fotografía aérea e gráfico adxunto, contiñan (polo menos en parte) unha poboación asentada con edificacións: isto é evidente polas téguilas e ímbrices que se descubren na súa superficie e mesmo nos cortes da estrada.

A fotografía aérea contén moitas claves deste complexo asentamento. Da a impresión de que houbo un movemento de conquista do val desde o castro ou castros da montaña, mediante a construción de sucesivas terrazas que ían creando novos límites poboacionais, agrícolas e defensivos.

Dentro deste conxunto destácase unha desas terrazas pola forma e polo contido, entendido éste nun senso arqueolóxico. É trianguloide, coa base no Oeste e o vértice apuntando cara ó val (cara a onde nace o Sol), diferenciándose claramente das demais. Este espacio contén hoxe visible o cruceiro, pero, como máis adiante se verá, aquí hai unha necrópole tardorromana e/ou altomedieval, non descartando que tamén haxa os restos dun primitivo lugar de culto (templo romano, basílica visigótica, ...). Naturalmente estas interrogantes só quedarán aclaradas cando se faga unha excavación arqueolóxica con todo rigor. Pero o que si parece evidente é que estamos diante dun espacio sagrado dos antigos habitantes de Paleo (quizáis desde época tardorromana), que nun primeiro momento estaría nos límites da poboación co val e que pouco a pouco iría quedando englobado no conxunto do pobo ó extenderse éste cara abaixo.

\*\*\*

En canto ó topónimo de Paleo, pode ser xermánico (*Pall+ellu*) (3), segundo a opinión do Profesor Monteagudo, e en

(2) Tamén aquí hai un castro no lugar do Castro, por onde está hoxe o campo de fútbol.

(3) PIEL, J. M<sup>a</sup>., KRAMER, D. *Hispano-gotisches namenbuch*. Heidelberg, 1976, 208, 431.

tal caso sería posterior á chegada dos suevos. Éstes no ano 411 fixeron un pacto con Constancio, que actuaba no nome de Honorio, polo que se lles asignaba Galicia, que deberon ter completamente ocupada arredor do 417. Isto, naturalmente, non quere dicir (como proban os achádegos arqueolóxicos) que a poboación de Paleo non existise antes con outros nomes (4).

En calquer caso, no ano 830 atopamos xa unha referencia documental á *ecclesia in palleo* na designación que fai *Tructino*, como delegado de Alfonso II, de algunhas igrexas pertencentes á Sede Iriense (5):

Di o autor:

"... *In comisso de plutios. scm. xpofo- rum ad eume. latum portum. scm. martinum in tiobre [Tiobre].*

*In nemitos [Nendos] sca. eulalia in castellum [Castelo] ad asperunti. [Esperón] sca. Maria in portimilio. [Porzomillos] ecclesia de bandoia. [Bandoxa] ecclesia montani ad reuoreto. [Reboreda] scm. stephanum in piauela. [Piadela] scm. iacobum ad berosindi. scm. uincentium ad cella gundemari in ripa de mero. ecclesia in madagio, [Mandaio] ecclesia in palleo. [Paleo] sca. eulalia in auigondo [Abegondo] cum sua uilla et scm. tirsum in auegondo. [Mabegondo] ..." (6).*

Segundo López Ferreiro, este documento está tomado dun códice do s. XIII-XIV do "Archivo de la Santa Iglesia Compostelana", estando rotulado no dorso: *Concordias con esta ciudad, privilegios y constituciones*, fol. 135..." No mes-

mo códice e antes do documento referido, aparecen con máis extensión as igrexas irienses do territorio de Nendos:

"... *id est., scm. Tirsum de Mauegondo; scm. Stephanum de Paleo; scm. Vincentium de Cella; sca. Maria de Porcimilio; scm. Julianum de Mandagio; scm. Stephanum de Piauela; sca. Eulalia de Spelunca [Espenuca]; sca. Maria de Revoreda; sca. Maria de Vilarino quam fecit Romanus cum suis gasalianis, et duas subditas de Piauela unam et aliam de Paleo; scm. Petrum de Ladeaonio; sca. Maria de Gonduze.*"

Cando queremos buscar máis atrás, non atopamos Paleo no *Parochiale Suevum* (redactado entre o 572 e o 592 segundo Pierre David). Vemos nel as dióceses existentes e dentro delas a que nos interesa, Iria, pero só ten as parroquias seguintes: Iria (Iria Flavia), Morracio (Morrazo), Salinense (Salnés), Contenos (Cuntis), Celenos (Caldas de Reyes); Metacios e Pestemarcos (Postmarcos) (7).

\*\*\*

O Profesor Díaz y Díaz publicou uns textos do códice de Roda que no que respecta ó que chama "C" (relativo á cidade de Toledo) contén noticias intrigantes que falan dun suposto enfrentamento entre os exércitos dun tal *Septemsiderus* e *Octaviano*, rey de Toledo. O curioso é que sitúa esta suposta batalla en Sumio, que está perto do noso val de Paleo. Añade ademais topónimos próximos, como Sigüeiro (Sequarii) sobre o Tambré (Tamare) ou Celas (pode ser Santa

(4) Hidacio e Paulo Orosio dannos os mellores datos sobre os suevos. Véxase un brillante resumo en GONZÁLEZ GARCÉS, Miguel. *Historia de La Coruña*. La Coruña, La Voz de Galicia, 1987, pp. 69 e ss.

(5) LÓPEZ FERREIRO, Antonio. *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago de Compostela*. Santiago, Imp. Seminario Conciliar Central, 1898, t. II, apéndice nº 2.

(6) Entre corchetes, os nomes actuais segundo Don Luis Monteagudo.

(7) TORRES RODRÍGUEZ, Casimiro. *El Reino de los Suevos*. La Coruña, Fundación Barrié, pp. 273-282.

María de Celas no Concello de Culleredo, por certo cunha fermosa igrexa románica e cun castelo medieval).

Cree o Profesor Díaz que se trata dunha de tantas composicións que apareceron no s. X "al calor de las disputas entre Lugo y Braga". Misturaríanse elementos históricos "con una tendencia novelesca a simplificar y contaminar sucesos en aras de una presencia heroica". Añade que podería tratarse dunha xustificación de certas repoboacións ou colonizacións: "como dice Pierre David ... «bajo la influencia de las tradiciones referentes a la colonización del siglo VIII, los autores de falsificaciones admitían que las ciudades tomaban el nombre de sus fundadores»" (8).

Non sei se deste texto se poderá cacar algo máis en claro no futuro, pero a súa referencia de momento é obrigada, por canto nos transmite un eco medieval do territorio no que nos movemos, por máis que extraer a verdade da maraña de fantasía que contén sexa tarefa difícil.

## UN MACHADO DA CULTURA MEGALÍTICA

Pasou o tempo e sucedéronse algúns acontecementos, dos que se fala máis

adiante, e un día Don Victoriano mostroume un machado de fino pulimento, típico da Cultura Megalítica, que acababa de atopar traballando nunha leira súa do mesmo lugar de Paleo (nº 16 do plano xeral). Nun xesto que o honra, donouno inmediatamente ó Museo das Mariñas, onde hoxe está.

O machado foi utilizado para traballar sen dúbida ningunha, como o demostra a asimetría do fio, máis gastado no extremo distal (con relación ó mango) que no proximal, como pasa con tódolos machados que foron utilizados. O fio iríase aafiando a medida que se fora deteriorando polos golpes, o que significa que en orixe a peza que temos sería máis longa.

Fáltalle a parte superior. A fractura limpa que presenta ten todo o aspecto, pola pátina, de ser da mesma época na que o machado servía para traballar. Quizais rompese ó dar un golpe forte sobre algo, quedando a parte superior, que non temos, unida ó mango.


Segundo as análises do Profesor Don Antonio Selgas, o machado está feito sobre unha pedra arenisca, de tipo ortocuarcítica, que polo seu alto contido en sílice se pode clasificar como unha arco-

(8) DÍAZ Y DÍAZ, M. C. "Tres ciudades en el Códice de Roda: Babilonia, Nínive y Toledo". En *Archivo Español de Arqueología* 1972-74, pp. 251-265. Citado na nota 32, DAVID, P. *Etudes historiques sur la Galice et Portugal du VI<sup>e</sup> au XI<sup>e</sup> siècle*. Lisboa, 1947, 146. O "Texto C" do Códice de Roda en cuestión é o seguinte:

Ciuitas Tuletus in Spania primum fundata est et ibidem uniuersas deseruiunt ciuitates Spannienses. Fuit in Tuleto rex, cui nomen est Octauianus; adhuc Luco, Astorica, Legione, Zamora, Bracara, Flauias, Portugallee, Tudiense non factas erant. Mandauit Octauianus ad Septemsiderus, maritus de Iherie, pater de Bracaro et de Flauio et de Teoderico et de Galaa et de Gemulus et de Cesario qui fecit Zesarea et Fan; et noluit Septemsiderus ire ad Octauiano rex, et fecit Octauiano fossato magno et venit ad Septemsiderus et pausauit it sua hoste ibi dicitur **Sumio**. Et uenit Septemsiderus et pausauit suas hostes; et orauit ad deum et consume sunt hostes Octauiani in uita: proinde vocatus est locus ille Sumio. Et uenit Septemsiderus cum uxore et filiis suis Ciuitas Luco et suis filiis singulis ciuitatibus Bracarus Bracara, Flauius Flauias, Teudericus Tude super mare, Galaa Portus Galee. Sequarius fuit mortuus in **Tamare** ibi dicunt portus **Sequarii**. Gemulus erat fortiosus: in singulas manus portabat columnas; ipse fecit bobata sci Petri et **cellas super Aquas Calidas** et ponte in Mineo. Et Cesarius super hinc resonat. Et de alias ciuitates multum est.

Ocupouse tamén deste texto, GIL, J. "Textos olvidados del Códice de Roda". En *Habis* 2, 1971, 165-178, cunha nota adicional de MILLÁN GONZÁLEZ-PRieto, *ibid.*, 179, 181.






*Machado pulido de Paleolítico, pertencente ó Megalitismo Pleno e datable arredor do 2.500 a. C.*

sa, sendo os materiais que a integran de procedencia granítica (aprecíanse laminiñas de mica, ...). Presenta, así mesmo, puntos marróns na superficie, que corresponden a piritas limonitizadas, tan abundantes na nosa terra. En canto a outros datos aproximados, pode dicirse que ten de densidade 2,6, de porosidade 0,2-0,4, de resistencia ó frotamento 5-8 (perda media por  $\text{cm}^3$  sobre unha superficie de  $50 \text{ cm}^2$ ). Probablemente se formou esta roca no Paleozoico e, aínda que este punto non foi investigado, é de supoñer que procedera da zona.

En canto á súa cronoloxía, pódese dicir de momento que estamos diante dun tipo de machado que aparece moi frecuentemente na fase de apoxeo do megalitismo galego (9) e que pola súa forma e dimensións se pode datar arredor do 2500 a. C., ou, se se quere, dentro do arco que vai do 3000 a. C. ó 2500-2300 a. C., isto é, entre o Neolítico Final e os comezos da Idade do Cobre, dentro do que tamén se denomina Megalitismo Pleno.

É preciso suliñar que non moi lonxe daqui, cara ó Oeste hai (ou había, tal como nos comunica o Profesor Monteagudo) algunhas mámoas no Monte do Xalo.

A importancia do achádego deste machado nun espacio que se comproba en superficie que estivo habitado en época prerromana, está no feito de retrotraernos algúns miles de anos máis atrás. Estaríamos, pois, diante dun xacemento (Paleo) moi extenso que, en principio e como mínimo, podería dar materiais desde a época megalítica ata perto de nós.



Ficha de xogo, feita a partir dun cacho de ímbrice.


### UNHA FICHA DE XOGO

Xa o primeiro día nos levou Don Victoriano ata o camiño vello de Paleo (nº 23 do mapa) e mostrounos na entrada a unhas leiras (nº 19) novos restos de tellas e cerámica. Lembro ben como sacou un da terra, sen darlle importancia, e mo deu. Cando o limpei, decateime de que se trataba probablemente dun cacho de ímbrice, redondeado por un neno para os seus xogos: unha peza practicamente idéntica ás que aparecen no xacemento de Adro Vello (San Vicente do Grove, Pontevedra) de cronoloxía tardorromana e medieval. Ela móstranos dalguna maneira que en época romana ou máis tarde alí xogaban os nenos do pobo antigo de Paleo.

O xogo en cuestión, como supón o Profesor Carro Otero, podía ser algo semellante ó peletre ou mariola ou mesmo ó tres en raia (10). Todos eles aínda perviven nos nenos de hoxe. Pero tamén pode tratarse dunha ficha de *tábula latrunculata* ou *tábula lusoria*, xogo éste semellante ó das damas que se xogaba sobre unha superficie na que se debuxa unha

(9) RODRÍGUEZ CASAL, Antón A. O Megalitismo: *A primeira arquitectura monumental de Galicia*. Santiago de Compostela, Servicio de Publicacións da Universidade, 1990, pp. 145 e ss.

(10) GUILLÉN, José. *Urbs Roma: Vida y costumbres de los romanos, II, La vida pública*, Salamanca, Ed. Sígueme, 1986. Véxase o capítulo 2, *Juegos y diversiones*, pp. 283-331.



*Planta e alzado do sepulcro tardorromano ou altomedieval de Paleo.*

cuadrícula. Un magnífico exemplo témo-lo na placa e fichas atopadas no Castro de Viladonga (11): a placa é de pizarra con cuadrícula incisa e as fichas ou *calculi* tamén son de pizarra e están recortadas de xeito circular ou oval.

### UN SEPULCRO TARDORROMANO OU ALTOMEDIEVAL

#### *A construción*


A poucos metros ó E do cruceiro que antecede á igrexa, vimos no corte da estrada uns ladrillos en liña. Aquelo dicíanos que alí había unha construción

dalgún tipo e de momento non fixemos máis que algunhas cábalas con crecente interés.

O día 21-VIII-90 volvíñ alí só e fixen unha limpeza pequena dos ladrillos aliñados da veira da estrada a efectos de facer unhas fotografías. Intuíase que aquilo era un enterramento por inhumación semellante ós que acababa de ver ese verán en Adro Vello, onde participara na excavación dirixida polo Profesor Carro Otero, e a outros máis espallados polas poucas necrópoles estudadas de Galicia (12). Antes de nada pedín permiso ó dono do monte, quen me deu toda-

(11) ARIAS VILAS, Felipe. *Museo del Castro de Viladonga (Castro de Rei - Lugo)*. Madrid, Ministerio de Cultura, 1990, pp. 29-30.

(12) CARRO OTERO, José. "Anatomía antropológica del pueblo gallego". En *Galicia Clínica*, La Coruña, 1970. CARRO OTERO, José. "Antropología". En *Gran Enciclopedia Gallega*, t. II, Santiago, 1974, pp. 124-129. GONZÁLEZ FERNÁNDEZ. "Las tumbas romanas de Galicia". En *Pontevedra Arqueológica, II*, Pontevedra, 1987, pp. 209-226.



*Fase inicial da limpeza do sepulcro de Paleo. Abaixo, o noso gran colaborador, D. Victoriano Vázquez.*

las facilidades para traballar.

A forma xeral do sepulcro é a dun paralelepípedo, do que faltan case tódolos ladrillos que o pechaban polo fronte, debido á *paleadora* (queda parte do primeiro pola esquerda) e os que servían de tapa, dos que quizais quede un resto nun anaco que apareceu disposto horizontalmente a 39 cm. da base. Polo demais, no medio da terra había bastantes cachos de

ímbrices (coma as tellas curvas tradicionais), pero sen ningunha disposición concreta, non permitindo falar deles como integrantes da construción, como noñ fora que formaran parte da cuberta, que podía estar constituída por ladrillos semellantes ó resto, ou por tégulas, con ou sen ímbrices. Por óutra banda os ímbrices son os que máis se deixan ver ó longo do corte da estrada e nas leiras próximas.



*Tres fases da limpeza do sepulcro. Arriba, á esquerda, pode verse in situ un sillar.*



*Ladrillos da base do sepulcro (parte occidental).*

A disposición da base do sepulcro caendo de W a E parecíame ó principio que se podería deber a correntos da terra e ás raíces. De feito as raíces afectaron algo a tódalas pezas (o monte está plantado de eucaliptos), pero esa disposición ten a súa orixe na propia pedra esquistosa que cae nesa dirección. Tanto é así que o primeiro ladrillo do W asentouse sobre unha entalla feita na pedra base e os que se conservan da dereita teñen debaixo barro para buscar unha certa horizontalidade, que aínda así non consegue de todo, caendo un pouco cara ó E segundo a propia caída do terreo.


En canto ás dimensións xerais do sepulcro, tomadas internamente, só podemos afirmar con certeza que o seu ancho é de 38 cm., posto que a *paleadora* ra-

chou o extremo oriental e polo tanto quedanos a dúbida de se tería de longo 1,47 m. (7 ladrillos na base), 1,68 (8 ladrillos) ou (quizais menos probable) 1,9 (9 ladrillos). En canto á súa altura, podería ter uns 0,4/0,5 m., o que estaría dentro dos modelos romanos e altomedievais coñecidos (13).

O sepulcro está formado por ladrillos, dispostos de maneira semellante a outros vistos en Adro Vello (os materiais alí poden ser laxas de pizarra, misturadas ou non con ladrillos ou tégulas, ou só ladrillos/tégulas).

O grosor dos ladrillos oscila entre os 4,5 e os 6 cm. Os da base teñen de longo (de diante atrás) uns 37/38 cm. e de ancho uns 19/21 cm. Destes consérvanse dous enteiros e cinco progresivamente

(13) GONZÁLEZ FERNÁNDEZ. *Op. cit.*, p. 211. Sinala aquí o autor que na provincia de Lugo os sepulcros romanos oscilan entre 1,5 e 2 m. de longo, predominando os que superan 1,9 m. Pero hai que ter en conta que nesta operación non fai separación de tipos e os de sección triangular tenden a ser de maior lonxitude, como el mesmo apunta. No conxunto altomedieval dos Medos hai máis contraste, entre 1,2 e 2,1 m. En canto á anchura, os sepulcros lucenses oscilan entre 0,35 e 0,5 m. e de alto teñen entre 0,4 e 0,6 m., valores todos nos que entra o noso sepulcro de Paleo.



*Ladrillos da base do sepulcro (parte oriental). Véxase a cruz incisa no da esquerda.*

rachados en diagonal pola *paleadora*.

O ladrillo lateral que pecha polo Oeste ten 38x29 cm. Os tres que se conservan enteiros na parte posterior teñen semellantes dimensións, 35/37x29. Enriba deles quedan os restos doutra fiada de dimensións máis irregulares (de longo teñen entre 26 e 29 cm., v. alzado).

Seguindo a tipoloxía de D. Miguel González Fernández estaríamos, pois, diante dun sepulcro de inhumación, exento e de sección rectangular. Este tipo, xunto coa variante de sección trapezoidal, é precisamente o que se atopa máis espallado e con maior frecuencia en Galicia: Aynos, Adro Vello, As Burgas, Recatelo e Campo da Feira, Bermés (Lalín), Urgal (Belesar, Baiona), O Pazo (Soutoxusto-Viso, Redondela), Padrón (Saxamonde, Redondela), Picacho

(Vigo), Illa de Arousa, A Costa (Vences, Verín), O Castelo (Lucenza, Cualedro), Trasiglesia (Vilardevós) e O Modorro de S. Pedro (Incio) (14). Cabería añadir a esta lista, polo menos, moitos dos sepulcros da Serra do Caurel (Esperante, Miraz, Santo Estevo, Cido) (15).

É importante suliñar que o tipo de sección rectangular aínda que é coetáneo do trapezoidal, tipolóxicamente aparece en Galicia como máis antigo, posto que será o trapezoidal o que evolucionará na Alta Idade Media cara a un tipo de sepulcro cada vez máis adaptado ó corpo do defunto.

Se utilizamos os conceptos tipolóxicos que Sylvain Gagnière (16) aplicou ó baixo val do *Rhône* (aínda que os espazos non están próximos o mundo cultural é semellante), estamos diante dunha se-

(14) GONZÁLEZ FERNÁNDEZ. *Op. cit.*, p. 211.

(15) LUZÓN NOGUÉ, José M<sup>a</sup> y otros. *El Caurel*. Madrid, Ministerio de Cultura, 1980.

(16) GAGNIÈRE, Sylvain. "Les sépultures à inhumation du III<sup>e</sup> siècle de notre ère dans la Basse Vallée du Rhône: Essai de chronologie typologique". En *Cahiers Rhodaniens*, VII, 1960, pp. 33-71.

pultura de inhumación pobre (por oposición ós que teñen inscricións e están historiados con relevés), que pertencería ó que el denomina primeiro tipo: sepulcros de tégula [no noso caso ladrillos] en forma de *coffres* alongados, onde os seus lados están formados por cinco tégulas [no noso caso sería posible que tivera, polo menos nas paredes laterais cinco ladrillos] xustapostas e xunguidas cun moiteiro. As tégulas eran no *Rhône* de 35/38 cm. de longo (medidas semellantes ós nosos ladrillos das paredes laterais e do fondo), creando un *coffre* de 1,8/1,9 m. para os homes adultos.

Non se trata de aplicar estas ideas de Gagnière ó pé da letra, pero non está mal telas en conta. El sitúa cronoloxicamente este tipo entre a segunda metade do s. III e finais do s. IV, e considera ademais que é un tipo pagano, con ofrendas e con seguinte mobiliario no seu interior.

No noso caso isto habería que matizalo en varios sentidos: primeiro porque hai unha marca en forma de cruz que fai pensar nunha cristianización, segundo porque non podemos saber con total seguridade ata que punto os anacos de cerámica atopados dentro eran parte ou non do mobiliario, cousa que, en principio, nos falaría dun total ou resistente (en forma de tradición) paganismo. Certo é que o feito de non se conservar o axuar é algo bastante corrente nos sepulcros romanos galegos por inhumación.

Así pois, só podemos dicir de momento que estamos diante dun sepulcro tardorromano ou quizais altomedieval, poñamos entre o s. IV e o VI, sen maior precisión ata futuros estudos.

Particularmente importante é o feito de se atopar esta necrópole moi próxima a un ou máis castros. Neste senso non hai moitos exemplos estudados en Galicia. Un deles é o da Lanzada (17), onde a necrópole se asenta nunha zona externa, pero próxima, ó castro.

No Caurel (Lugo), onde os sepulcros son de sección trapezoidal e de laxas de pedra, esta vinculación castro-necrópole vese repetidamente: hai enterramentos xunto ó Castro da Torre en Lousada, no Castro de Romeor, ó lado do Castro de Santo Estevo, xunto ó Castro da Devesa do Rei en Esperante, etc.

Pero aínda hai outra relación máis curiosa, que atopamos en Paleo e tamén se documenta no Caurel: a relación castro-necrópole-igreja. No Caurel atopamos ermidas ou restos delas en Castro Portela, Santo Estevo, Egresario ou San Román e Esperante, sempre asociadas a hachádegos de sepulturas antigas (18).

Parece claro que estas necrópoles, espacios sagrados de enterramento e de culto anteriores ó cristianismo, serían os primeiros lugares en se cristianizar, mediante a construción de ermidas. É o caso que supoñemos para Paleo.

### *Marcas*

O ladrillo que pecha o sepulcro pola parte posterior, fiada baixa no extremo Oeste, ten unha curiosa marca xestual serpentiforme, que forma unha serie de ondas seguidas en diagonal desde a esquina superior esquerda á inferior dereita. O seu significado escápasenos (19): pode ser unha marca do taller, ou da función para a que estaba destinado o ladri-

(17) FARIÑA BUSTO, F. "Los hallazgos monetarios de A Lanzada (Noalla, Pontevedra)". En, *El Museo de Pontevedra XXVII*, 1973, pp. 93-105. Do mesmo autor, "Excavaciones en A Lanzada (Sanxenxo, Pontevedra)". En, *El Museo de Pontevedra XXIX*, 1975, pp. 163-174.

(18) LUZÓN NOGUÉ y otros. *Op. cit.*, p. 65.

(19) Unha marca moi semellante documéntase en Recatelo e Campo da Feira (Lugo). GONZÁLEZ FERNÁNDEZ. *Op. cit.*, p. 223. Tamén atopamos esta marca serpentiforme nos sepulcros de *Mas du l'Hôpital* en Boulbon (*B.-du-Rh*) e en *Donzière (Drôme)*. GAGNIÈRE, Sylvain. *Op. cit.*, p. 40





Vista frontal da parte occidental do sepulcro, onde se supón que estaría a cabeza do defunto. Véxase a incisión serpentiforme do ladrillo do fondo.

llo, pode ter tamén un contido simbólico (abstracción da serpe, ...).

Máis interesante é a cruz impresa no cuarto ladrillo (desde o Oeste) da base. Marcas semellantes hainas en tégulas dos enterramentos de Adro Vello e tal como nos di o Profesor Carro Otero poidera ser, por unha parte un símbolo cristiano, e pola outra unha maneira de dicir que ese ladrillo estaba destinado especificamente a fins sepulcrais.

En Recatelo e Campo da Feira (Lugo) vemos unha especie de cruz de San Andrés cunha liña recta que a parte de arriba abaixo (20): ¿será unha maneira simplificada de sinalar o crismón (monograma de Cristo, formado polas dúas primeiras letras en grego, XP, enlazadas)?

Cruces en aspa tamén as vemos en tégulas sepulcrais de *Mas du l'Hopital* en *Boulbon*, *Basse Vallée du Rhône* (21).


#### *Cerámica*

Tratábase de facer unha limpeza de urxencia e nada máis empezar, a flor de terra (polo que non pode asegurarse que a ubicación sexa orixinaria) e na zona media do sepulcro, apareceron cinco anaquiños de cerámica. Todos eles teñen de común seren moi pequenos e ter pouco grosor: entre 2 e 4 mm. De dous deles pode dicirse que son de cor negra e que están feitos á man. Semellan ser de tradición castrexa.

A 17,10 m. do último resto do sepulcro, baixando a estrada e case no límite da terraza que contén a necrópole, Don Victoriano atopou no corte da mesma un borde de cacharro (debuxo A). Ten o seu máximo grosor no colo con 13 mm., baixando a 8 no comenzo da panza, que aínda sigue mermando. A súa reconstrución permítenos ver un pucheiro de 19,7 cm. de boca. Por dentro é de cor negra

(20) GONZÁLEZ FERNÁNDEZ. *Op. cit.*, p. 223.

(21) GAGNIÈRE, Sylvain. *Op. cit.*, p. 40



*Dous pucheiros feitos a torno. Arriba, anaco atopado a 17,10 m. do sepulcro, baixando a estrada. É de cor negra por dentro e bermella por fóra. Presenta unha decoración a base de liñas diagonais feitas con punta roma. Abaixo, borde de cerámica negra atopado no sepulcro.*


(lume reductor) e por fóra semella ter añadida unha capa de arcilla bermella. Utiliza como desgrasante partículas de cuarzo (as máis visibles), que poden chegar a 3 mm. de grosor. Está feito con torno de roda lenta, o que fai que por dentro se vexan no colo liñas non paralelas. Por fóra, no comenzo da panza, pode verse un bruñido feito con punta roma (quizais cun carabullo ou cun óso) que nos presenta unha decoración sinxela de liñas paralelas diagonais, de esquerda a dereita. Podemos estar diante dunha cerámica tardorromana, pero precisando co Profesor Don Francisco Doval (22)

que é ésta unha cerámica moi semellante á atopada no Castelo da Torre da Moa (Santiago de Traba en Laxe), datada entre o s. VII e o IX.

Na parte occidental do sepulcro, máis ou menos á altura de onde estaría a cabeza do defunto, apareceron, a certa profundida-

de na terra, un borde (con colo e algo de panza) e un fondo de cacharro.

O borde (debuxo B) está partido en dous, tal como se representa no debuxo e ten un grosor no colo de 8,5 mm. e na panza de 6 mm. no comenzo, diminuíndo máis abaixo. Pódese reconstruír o tamaño orixinal da boca, que estimamos en 21,5 cm. É un pucheiro feito a torno. Como desgrasante utiliza cuarzo, feldspato e mica en graños xeralmente finos, se ben en casos illados poden chegar a 1,5 mm. de grosor. Cerámica desta cor (negra) e forma aparece moi frecuentemente nos castros (un borde parecido



*Fondo de pucheiro, de cor bermella, atopado no sepulcro.*

(22) Don Francisco Doval está a realizar a súa tese doctoral sobre a cerámica común romana na provincia da Coruña. Por este motivo téñense moi en conta aquí os seus comentarios (que lle agradezo) sobre os escasos restos cerámicos atopados.


existe no Museo das Mariñas procedente do Castro de Brandián, entre Presedo e Viós, no concello de Abegondo). Pero é preferible ser cautos, posto que tamén se atopa este tipo de cerámica en época altomedieval.

O fondo de pucheiro é de cor bermeillo. A base ten gran cantidade de desgrasante de cuarzo moi grosso, chegando nalgúns casos ós 3 e 4 mm.. Merma a abundancia e o grosor dos graus a medida que sube a panza. Semella estar feito a torno. Ó non darnos máis datos, só pode dicirse, pola cor e tipo de pasta, que pode ser de época romana ou tardorromana.

### Nin rastro do defunto

Hai que dicir que a pesar da limpeza fina con pincel do interior do sepulcro non apareceu ningún resto humano, sen dúbida debido ó carácter ácido do terreo. En calquer caso, a disposición W-E do sepulcro e a comparación con outros sepulcros semellantes aparecidos en Galicia (deixando aparte o caso excepcional dos da Lanzada), permite dicir que a cabeza do defunto estaría no extremo Oeste, disposición de raíces antiquísimas e que mantería ó longo de séculos a relixión cristiana, tal como pode comprobarse nos sepulcros medievais das nosas igrexas.

Chegado o tempo da resurrección, o defunto ergueríase de cara a Oriente, por onde sale o Sol. Non hai que esquecer que o cristianismo favorece unha especie de fusión ou simbiose nos primeiros tempos entre o deus pagano *Helios* (en Grecia) ou *Sol Invictus* (en Roma) a quen se asimilaba o *Sol Invictus Imperator* (o Emperador divinizado). A asimilación dese deus pagano polo cristianismo foi tal que incluso se aceptou o 25 de decembro como o día no que naceu Xesucristo, curiosamente coincidindo co *Dies Natalis Solis* romano. Pero non é agora o momento de afondar nas raíces deste feito.



*Sillar de cantería atopado cerca do sepulcro.*


### CONCLUSIÓNS

- 1.- Constatamos que o val de Paleo estivo habitado desde antigo. Alí viviron e traballaron os campos as xentes que se enterraban nas mámoas e que foron as responsables da primeira humanización da paisaxe galega a gran escala. Delas coñecemos, ademais de referencias á existencia de mámoas no Monte do Xalo, un machado pulimentado, que se data arredor do 2500 a. C.
- 2.- Existe, limitando e protexendo o val polo Oeste e SO un sistema montañoso que contén un castro seguro (achádego nel de parte dun muiño circular), outro probable e quizais algún máis. Non hai dúbida que o pobo de Paleo que había en época romana e medieval tivo a súa base próxima no mundo castrexo. A construción de terrazas a partir dos montes e castros próximos marca o proceso de baixada que se deu en todas partes.
- 3.- Existe unha necrópole, que a vulgar polo sepulcro atopado, probablemente data de época tardorromana (s. IV-VI). Téglulas, imbrices, sillares, cerámica, un obxecto de xogo, ... sinalan a presenza cultural de Roma, se ben hai que pensar en Paleo coma nun pobo que desenrolou

a súa existencia ó longo de moitos séculos: toda a Idade Media polo menos e máis cara ó presente, posto que a igrexa actual semella ser do s. XVIII, así coma o cruceiro que está datado no 1757. Non sabemos cal poido ser a importancia da aportación xermánica (os suevos), se ben é posible que o mesmo nome de Paleo sexa desa orixe. De momento documen-

tamos a existencia da *ecclesia in palleo* no s. IX, concretamente no 830.

4.- De todo o dito, resulta evidente que teñen razón os vellos de Carral cando din que en Paleo houbo un pobo antigo. Sería de desexar que a partir de agora se estudiasse a fondo toda esta zona para descubrir ese pobo de Paleo no que están as raíces milenarias de Carral. ♦



*Vista N-S. No primeiro plano, o cruceiro sobre a antiga necrópole; á dereita, terraza alta que tivo construcións antigas; ó fondo, a igrexa e cemiterio actual.*